

11:00 horas. MORAÑA COA VOLTA

28
xullo

Sábado

A Festa da Bicicleta foi sempre unha das actividades con máis arraigamento entre os veciños e veciñas deste concello e de concellos limítrofes. Por iso, a Carballeira de Santa Lucía será o lugar de encontro de todas as persoas, grandes e pequenos, que queirades vir dar un paseo en bicicleta. Primeiro percorrерemos as rúas do núcleo urbano acompañados do grupo de Música Tradicional Seixebra, para logo continuar visitando varios lugares do noso concello.

Repartiranse camisetas para todos os que participedes, ademais haberá un agasallo especial para o ou a participante de maior idade, outro para a familia máis numerosa e outro para a bicicleta máis orixinal.

13:00 horas. FEIRA DE ARTESANÍA

O Concello de Moraña organiza unha Feira de Artesanía, na que artesáns de Moraña e concellos limítrofes poderán amosar os seus traballos. A feira será o sábado e domingo.

23:00 horas. GRAN GALA CARNEIRO Ó ESPETO NA CARBALLEIRA DE SANTA LUCÍA

Coas actuacións de:

DAVID CIVERA
MUSICALES TVE
ASTAROT
ORQUESTRA

29
xullo

Domingo

LUME DE CARBALLO

07:00 horas. Prendido do lume para o asado dos Carneiros ó Espeto.

De 10:00 a 14:00 horas. Pasacalles e actuación da AGRUPACIÓN DE BAILE TRADICIONAL E GRUPO DE PANDEIRETEIRAS SEIXEBRA de Moraña.

A animación de rúa correrá a cargo da Charanga O'SANTIAGUIÑO.

14:00 horas. ASIGNACIÓN DE LOTES

14:30 horas. EXTRAORDINARIO XANTAR DO CARNEIRO Ó ESPETO

Sobremesa amenizada pola Charanga O'SANTIAGUIÑO. A continuación actuación de TOM TROVADOR.

22:00 horas. GRAN VERBENA FIN DE FESTAS

Coas orquestras:

PANORAMA e AMERIKAN TOP



PROGRAMA



ORGANIZA:



COLABORAN:



AGRUPACIÓN DE BAILE E MÚSICA TRADICIONAL SEIXEBRA

ANPA DO CPI SANTA LUCÍA

ASOCIACIÓN ECUESTRE CULTURAL DE MORAÑA

PROTECCIÓN CIVIL DE MORAÑA

20:00 horas. INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN

"OS OBXECTIVOS DO MILENIO (2000-2015)"

A inauguración da exposición, que estará na Casa de Cultura durante todo o mes de xullo, será complementada coa charla explicativa *Obxectivos de desenvolvemento do milenio: avanzamos ou retrocedemos?*, a cargo de Roberto Mansilla Blanco.

6
xullo

Venres

18:00 horas. PARTIDO DE HORSEBALL

Coa colaboración da Asociación Equestre Cultural de Moraña. Na explanada situada detrás da Praza de Abastos teremos un partido de horseball entre a Asociación Equestre Cultural de Moraña e Cabaleiros do Salnés.

19:30 horas. EXHIBICIÓN DE BALLET

No patio traseiro da Casa de Cultura. Coa colaboración da ANPA do CPI Santa Lucía. Actuarán as nenas que van a clases de ballet, xunto cun grupo de Meis e outro de Pontevedra.

22:30 horas. TEATRO

Os membros da Aula de Teatro do Concello de Moraña representarán a obra *Hamlet* na Casa de Cultura A. D. R. Castela.

A entrada será gratuita e para todos os públicos.

20:00 horas. OBRADOIRO DE CADROS DE AREA

Animádevos a participar, ensinádevos a facer cadros con area de distintas cores e texturas. O obradoiro terá lugar os días 9, 11 e 13 de xullo. Haberá un número máximo de 15 participantes, maiores de 18 anos, que serán admitidos por orde de inscrición.

Lugar e prazo de inscrición: Biblioteca Municipal ata o día 6 de xullo.

20:00 horas. PINTURA EN TEA

Obradoiro dedicado a facer camisetas, manteis... coa técnica de pintura sobre tea. Para 15 persoas a partir de 18 anos. Realizaranse tres sesións: os días 10, 12, e 16 de xullo.

Lugar e prazo de inscrición: Biblioteca Municipal ata o día 6 de xullo.

11:00 horas. PAINTBALL

A Carballeira de Santa Xusta será o escenario das batallas con bólas de pintura durante todo o día (de 11:00 a 13:00 e de 16:00 a 20:00 horas). Poderán participar rapaces a partir de 8 anos na categoría A; e maiores de 14 anos na categoría B. Prazas limitadas.

Lugar e prazo de inscrición: Biblioteca Municipal ata o día 11 de xullo.

22:00 horas. ACTUACIÓN DO MONOLOGUISTA EVARISTO CALVO

Tras o éxito acadado outros anos o Concello volve apostar polos espectáculos cargados de humor e ironía.

O coñecido actor Evaristo Calvo será este ano o encargado de facernos pasar unha sesión de diversión e entretemento co seu espectáculo *O Turista Madrileño*, na Casa de Cultura A. D. R. Castela.

7
xullo

Sábado

8
xullo

Domingo

9
xullo

Luns

10
xullo

Martes

14
xullo

Sábado

10:30 horas. EXHIBICIÓN DE COCHES ANTIGOS

O Club Amigos dos Vehículos Antigos fará unha concentración de coches clásicos na Carballeira de Santa Lucía de 10:30 a 12:00 horas. Posteriormente percorreren distintas parroquias do Concello, con parada para xantar no lugar de Rial. Finalizarán o percorrido coa exposición dos vehículos no Pazo da Toxeiriña.

16:30 horas. OBRADOIRO DE MÚSICA E EXPERIMENTACIÓN SENSORIAL

Para nenos e nenas de 2 a 8 anos.

Lugar e prazo de inscrición: Biblioteca Municipal ata o día 13 de xullo.

20:00 horas. PERCUSIÓN AFRICANA

Con este obradoiro terás a oportunidade de coñecer de preto a música africana a través do seu instrumento máis típico, o djembé. Se tes 15 anos ou máis e queres adentrarte nesta arte musical terás que inscribirte na Casa de Cultura A. D. R. Castela ata o día 16 de xullo, xa que o obradoiro será os días 17, 18 e 20. Prazas limitadas.

20:00 horas. CONCURSO GASTRONÓMICO DO CARNEIRO

Neste concurso poderán participar todos os hostaleiros de Moraña. Ó remate teremos unha actuación dos alumnos e alumnas do obradoiro de percusión africana xunto co grupo Omar Percussion Group.

20:00 horas. FESTIVAL FOLCLÓRICO


A música tradicional será a principal protagonista desta xornada, coa colaboración do grupo local de Música e Baile Tradicional Seixebra, que compartirá o escenario do patio traseiro da Casa de Cultura con outros dous grupos.

16:00 horas. TARDE DE XOGOS NA PISCINA

A Piscina Municipal será o escenario dunha tarde de xogos, na que haberá rollers, xogos cooperativos, xincanas deportivas e unha zona para nenos e nenas de 0 a 3 anos.

18:30 horas. FESTA INFANTIL

No patio traseiro da Casa de Cultura faremos unha festa para os pequenos e non tan pequenos. Contaremos cun espectáculo de música, animadores, globoflexia e algunha sorpresa máis.



15
xullo

Domingo

16
xullo

Luns

17
xullo

Martes

20
xullo

Venres

21
xullo

Sábado

23
xullo

Luns

24
xullo

Martes

16:00 horas. FINAIS DO XVI TORNEO DE TENIS

Este día xogaranse as finais das distintas categorías do torneo no Pavillón Municipal de Deportes. Os partidos, como xa vén sendo habitual, celebraranse durante todo o mes de xullo.

18:00 horas. MILLA URBANA

A Rúa 7 de Santa Lucía acollerá un ano máis a tradicional Milla Urbana, na que te poderás inscribir nas seguintes categorías: de 0 a 6 anos, de 7 a 9 anos, de 10 a 12 anos, de 13 a 15 anos, de 16 a 18 anos, de 19 a 39 anos, de 49 a 50 anos e a partir de 51 anos (todas masculinas e femininas).

Lembra que hai trofeos para os tres primeiros clasificados e clasificadas de cada categoría, e medallas para todas e todos os que participedes.

As inscricións poderedes facelas ese mesmo día na liña de meta.

12:00 horas. CAMPIONATO DE NATACIÓN

A Piscina Municipal será o escenario no que se levará a cabo o tradicional campionato de natación, no que poderedes participar nas distintas modalidades.

Podedes inscribivos na piscina ese mesmo día.

20:00 horas. TEATRO MUSICAL

Na Praza do Concello, o grupo de teatro musical ANIMAR-T representará o espectáculo infantil *A Historia de Martín*.

10:00 horas. XII TORNEO DE BÁSQUET 3X3

Coa colaboración da Asociación Deportiva e Cultural Espeto organizaremos un dos torneos máis importantes de Galicia, que acada a duodécima edición. Visitarán Moraña xogadores chegados dende as catro provincias, doutras comunidades e do norte de Portugal.

O torneo é moito máis que baloncesto: comida na Carballeira de Santa Lucía, concursos (mates e triplas), sorteos de roupa deportiva, videoxogos...

De 12:00 a 14:30 horas. Retransmisión en directo do programa de radio *Así son las mañanas*, da Cadena Cope, desde a Carballeira de Santa Lucía.

23:00 horas. VERBENA NA CARBALLEIRA DE SANTA LUCÍA

Coa actuación das orquestras:

25
xullo

Mércores

26
xullo

Xoves

27
xullo

Venres

CINEMA e BÁMBOLA